

Mércores, 28 de decembro de 2004

«A Costa da Morte é unha magnífica inspiración»

Manuel Lago Graíño, de 26 anos, natural de Guimareu (Toba-Cee), pero residente en Santiago, onde traballa como camareiro, é o gañador do primeiro Concurso de Fotografía da Costa da Morte, organizado pola Deputación de A Coruña dentro do Plan de Dinamización Turística.

A obra titúlase ***De vento, pedra e marea***, e foi a seleccionada entre as 308 presentadas. Ademais da honra, lévase 1.000 euros. ***Cabo Vilán***, de Luis Souto Amil, quedou segunda (500 euros), e ***Hacia Finisterre***, de David Fonseca, foi terceira (300). Todos eles terán, ademais dos cartos, unha estancia dunha fin de semana nun hotel da bisbarra.



-¿Onde e como realizou a fotografía gañadora? -Foi preto de Carnota. Un pouco antes de chegar, á man esquerda, no alto dun monte hai unha cruz. Fun por detrás, pola zona de Paxareiras, e tomei a imaxe cando todo estaba cuberto de néboa, e só sobresaía o cruceiro. Ao lonxe, o mar.

-É obvio que lle gusta a fotografía. -Si, moito, desde hai moito tempo. Antes ía co meu pai, todos os domingos, a tomar imaxes por todas partes. Sobre todo, pola Costa da Morte.

-¿É o seu lugar favorito? ¿Inspírao? -Si, a Costa da Morte é unha magnífica inspiración, ten unhas paisaxes extraordinarias para fotografar, tanto as de mar como as de terra adentro ou as que combinan os dous elementos.

-¿Cal é o lugar que prefire para estar, ou sinxelamente para retratar? -É difícil. A praia de Rostro, en Fisterra, é a que máis me gusta. E tamén moito os muíños de Toba, en Cee, moi cerca da miña casa.

-¿Ve a fotografía como unha saída profesional? -Non, é unha afección. É o que me gusta e aproveito para presentarme aos concursos que saen. Xa levo uns cantos.